

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
389/2024	A Xunta de Goberno Local	04/03/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 389/2024. SUBVENCÍONS DIRECTAS OU NOMINATIVAS

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

RESOLUCIÓN

1º.- Aprobación das BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO DO CONCELLO DE TOMIÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIAIS DURANTE O ANO 2024

Primeira. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por finalidade apoiar e promover en réxime de concorrência competitiva a concesión de subvencións entre as entidades de carácter social sen fins de lucro que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria específica de subvencións, que desenvolven actividades para promover o benestar social da cidadanía do Concello de Tomiño a través de accións ou actividades de prevención, asistencia, incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadán, dentro do ámbito de intervención de Servizos Sociais e que se realicen durante o ano 2024.

1. As subvencións poderán ser solicitadas para financiar actividades definidas como prioritarias no marco de actuación da área de Benestar Social do Concello de Tomiño. A tales efectos poderanse financiar os gastos das actividades enmarcadas en cada unha das seguintes áreas de actuación:

- Proxectos de atención á discapacidade
- Proxectos de atención a menores
- Proxectos de apoio á dinámica familiar
- Proxectos de voluntariado social
- Proxectos de atención á toxicomanía
- Proxectos de prevención de situacións de violencia intrafamiliar



- Proxectos dirixidos á promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes
- Proxectos de atención á inmigración
- Proxectos de atención a minorías étnicas
- Outros proxectos “de especial interese social” nos que estea xustificada a súa financiación municipal

2. A entidade de carácter social solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para o 2024.

3. A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos de proxectos ou actividades concretas e individualizadas no ano 2024 e que se definen na Base Primeira, punto 1.

Segunda. Beneficiarios.

Serán beneficiarias da subvención os organismos, institucións, asociacións, grupos e colectivos que:

- Non teñan fins lucrativos.
- Teñan o domicilio fiscal, sede ou oficina no concello de Tomiño ou, non tendo domicilio no termo municipal, afecten de un modo directo á veciñanza, colectivos ou intereses do Concello.
- Desenvolvan actividades de prevención, asistencia e incorporación social, fomento e sensibilización da participación cidadán, dentro do ámbito de intervención dos Servizos Sociais e para promover o benestar da cidadanía do Concello de Tomiño.
- Que dispoñan de estrutura e experiencia que garanta a viabilidade dos proxectos.
-

Terceira. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

Poderán solicitar axudas á presente convocatoria as entidades de carácter social, que estean inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello de Tomiño con anterioridade ao momento da publicación das bases no BOPPO, teñan personalidade xurídica propia e finalidade non lucrativa e que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello de Tomiño.
- Non estar incluídas en ningunha das causas de incompatibilidade ou de incapacidade para ser beneficiarias ou percibir as subvencións previstas na LXS.
- Que esta entidade teña debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias ou ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada.



- Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade. Para estes efectos, consideraranse unha soa entidade todas aquelas nas que as socias e socios ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na LXS e nas súas normas de funcionamento e ás que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.

Cuarta. Financiamento da convocatoria.

A concesión de axudas reguladas nesta orde será atendida con cargo á aplicación orzamentaria nº 231.489.00 do exercicio orzamentario do ano 2024 que conta con un orzamento total de 15.000,00 €.

Quinta. Contía e límites.

As entidades beneficiarias poderán recibir como máximo o 80% do orzamento presentado sobre os gastos subvencionables.

Sexta. Solicitud e documentación a achegar.

As entidades de carácter social que estean interesadas en optar á concesión das subvencións reguladas na presente convocatoria deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Formulario 1:** Impreso oficial de solicitud, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- **Formulario 2:** Certificación do acordo de solicitud, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de persoas socias.
- **Formulario 3:** Certificación dos datos bancarios da entidade (selado pola entidade bancaria) ou certificación bancaria.

Sétima. Lugar e prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes empezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e finalizará no prazo dun mes natural. Esta convocatoria publicárase na páxina web do Concello.

A presentación da solicitud implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente na Sede Electrónica do Concello, ou en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava. Emenda da solicitud.



Se a solicitude non reúne os requisitos que sinala o artigo 66 da LPAC, requiriráselle ao interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo sen que a solicitude fose emendada, e previa resolución do acordo co establecido no artigo 68 da LPAC, considerarase desistida.

Novena. Comisión técnica de avaliación.

A Comisión Técnica de Avaliación estará formada por:

Presidente: Alcaldesa do Concello de Tomiño, ou persoa en quen delegue.

Vogais: Concelleiro de Benestar Social e Deportes, Concelleira de Cultura, Patrimonio e Normalización Lingüística, Coordinadora Departamento Benestar Social e Traballadora Social do Servizo de Benestar Social.

Décima. Criterios de avaliación.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión Técnica de Avaliación valorará cun máximo de 100 puntos, tendo en conta a seguinte rúbrica de valoración:

- 1- Número de posibles beneficiarios directos ou indirectos e a repercusión directa na poboación do Concello de Tomiño. *(Ata 30 puntos)*
- 2- Grao de interese social das actividades que se propoñan realizar e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais. *(Ata 20 puntos)*
- 3- Carácter periódico ou permanente das actividades desenvolvidas. *(Ata 20 puntos)*
- 4- Representatividade da entidade peticionaria, atendendo a experiencia, medios humanos, materiais, metodoloxía etcétera, e o número de actividades desenvolvidas ou proxectadas de xeito conxunto con outras entidades. *(Ata 10 puntos)*
- 5- Número de actividades ou eventos realizados así como a calidade técnica dos proxectos ao longo do ano. *(Ata 5 puntos)*
- 6- Forma de financiamento: subvencións ou axudas recibidas doutros organismos, públicos ou privados. *(Ata 10 puntos)*
- 7- Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación da entidade. *(Ata 5 puntos)*

Décimo primeira. Resolución e avaliación das propostas

A Comisión Técnica analizará e avaliará as propostas tendo en conta os criterios de avaliación que figuran no artigo 10 das presentes bases.

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva realizada pola Comisión Técnica, resolverá o procedemento.



A resolución será motivada e conterà, ademais do solicitante ou relación de solicitantes aos que se concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes.

En todo caso se procederase a ditar resolución de outorgamento da subvención no prazo máximo de dous meses a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

A resolución que se adopte pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso ante o xulgado do contencioso administrativo.

Décimo segunda. Aceptación da subvención e compromisos.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As persoas beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

Décimo terceira. Obrigas das persoas beneficiarias.

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias deberán aceptar as seguintes obrigas:

- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- Empregalo distintivo do Concello de Tomiño en todas as actividades e comunicacións que promovan (publicacións, carteis, rótulos, etc.).
- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, a recomendación do emprego do idioma galego.
- Colaborar na organización de calquera actividade que lle sexa requirida polo concello de Tomiño.

Décimo cuarta. Forma e prazo de pagamento da subvención.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no formulario 3, previa presentación dos formularios 4 e 5, xunto coa documentación que neles se require.

O importe a xustificar non será inferior en ningún caso ao 125 % do importe de subvención concedida.



O importe da subvención concedida aboarase unha vez aprobada definitivamente e previa xustificación dos gastos subvencionables, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Formularios IV e V.
- Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).
- Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas: nº factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago.
- Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.
- Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social deberán estar vixentes no momento da xustificación.

Décimo quinta. Prazo de xustificación da subvención.

O prazo máximo para xustificar a subvención será o 1 de decembro de 2024.

Décimo sexta. Reintegro de subvencións.

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ao obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ao non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ao incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os formularios estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias do Concello de Tomino e a través da páxina web <https://tomino.gal/>.

As bases desta convocatoria atópanse publicadas no “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (BDNS)”.

Décimo sétima. Réxime xurídico aplicable.

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de valoración poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1



de outubro, do procedemento administrativo común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2º.- PUBLICAR as bases no BOP a través da Base Nacional de Datos de Subvencións e na páxina web municipal.

A Alcaldesa, Sandra González Álvarez

(data e sinatura dixital á marxe)

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

